

A/A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

SECCIÓN DE ENERXÍA DA XEFATURA TERRITORIAL DE A CORUÑA

Rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071, A Coruña (A Coruña)

ASUNTO: Alegacións ao estudo de impacto ambiental, ás solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e da declaración de utilidade pública (en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica) das instalacións da LAT 132 kV Evacuación do Parque Eólico Legre, situada nos concellos de Oza-Cesuras e Mesía, na provincia de A Courña (expediente IN408A 2020/143)

Dona/Don _____ con DNI número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista do Acordo do 13 de marzo de 2024, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción e o estudo de impacto ambiental (EIA) do proxecto de LAT 132 kV Evacuación do Parque Eólico Legre nos concellos de Oza-Cesuras e Mesía (A Coruña) (expediente IN408A 2020/143)

1. Non se está a someter a exposición pública a totalidade dos elementos da evacuación así como as demais instalacións do PE Legre.

Segundo as normas do sector eléctrico (Lei 54/1997 e Lei 24/2013), unha instalación de produción de enerxía eléctrica (parque eólico) está constituída tamén polas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica. A tramitación ambiental por separado do "PE Legre" e a "LAT 132 kV Evac. PE Legre" impide avaliar os impactos que ámbalas infraestruturas (fundamentalmente, aeroxeradores e liña eléctrica de alta tensión) producen á fauna, flora, paisaxe e saúde pública, entre outros factores.

Ademais, neste caso, a LAT 132 kV non abrangue o trazado ata a subestación de REE (SET Mesón do Vento 220 kV), senón que precisa da execución doutras dúas liñas eléctricas ("LAT 132 Evac. PPEE Legre e Solpor" e "LAT 220 kV") e dunha subestación colectora ("SEC Mesón do Vento 132/220 kV").

2. O vixente Plan Sectorial Eólico de Galicia, polo que se rexen os proxectos eólicos (como o Parque Eólico Legre), non foi sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, polo que incumpre a lexislación ambiental española e europea

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, considera que a avaliación ambiental é indispensable para asegurar a protección do medio ambiente. A falta de sometemento do Plan Sectorial Eólico á avaliación ambiental estratéxica implica ademais o incumprimento das seguintes normas europeas en materia de medioambiente: Directiva 2011/92/UE, Directiva 2003/35/CE e Directiva 2001/42/CE.

3. Estase a producir un fraccionamento indebido na tramitación dos proxectos: a LAT obxecto e o PE Legre son comúns con outros proxectos eólicos e infraestruturas de evacuación asociadas.

O parque eólico Legre promovido Green Capital Power, S.L.U., foi tramitado como un proxecto independente obtendo as autorizacións administrativas previa e de construción, pero cunha infraestrutura de evacuación común con outros parques eólicos: Solpor, Abrente e Gasalla.

Considérase que estamos ante un fraccionamento irregular no que respecta á tramitación ambiental, que impide que se poidan avaliar correctamente tódolos impactos xerados polo

macroproxecto eólico. Isto deriva dunha información pública fragmentada de cara a cidadanía e outras administracións públicas.

4. A LAT 132 kV Evacuación PE Legre sitúase moi próxima a núcleos de poboación e vivendas illadas

O trazado da LAT sitúase a menos de 200 m de delimitacións de solo de núcleo rural (núcleos de poboación) do Concello de Mesía (**Queiroga de Arriba, Busto, Nosiño e Tiñoso**) e do Concello de Oza-Cesuras (**Braña, Pedre e Fontecativa**). Ademais vense afectadas **catro vivendas illadas** da parroquia de Visantoña (Mesía) localizadas a escasos 100 m da liña eléctrica de alta tensión.

Por tanto, non se cumpren as distancias de protección de tendidos eléctricos aos núcleos de poboación e vivendas illadas, distancias establecidas polo Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico.

5. A LAT afecta a espazos naturais de relevancia internacional

O trazado da LAT afecta ao ZEC Río Tambre pertencente á Rede Natura 2000, rede ecolóxica europea das áreas de conservación da biodiversidade, debido ao cruzamento co Río Traveso.

Ademais, esta liña eléctrica proxéctase na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, área protexida por un instrumento internacional.

6. A implantación da LAT afecta aos aproveitamentos actuais agropecuarios e forestais

Prohíbense as plantacións de árbores de todo tipo baixo o tendido eléctrico da LAT, así coma a construción de edificios e instalacións industriais (Real Decreto 1955/2000). Así mesmo, o solo pasará a ser considerado Solo Rústico de Especial Protección de Infraestruturas (SREPI), o cal conleva a perda de dereitos e incremento de deberes ás persoas propietarias.

7. O impacto paisaxístico que xerará a LAT xunto coas outras liñas eléctricas existentes é relevante

A LAT obxecto proxéctase nunha contorna onde existen outras liñas eléctricas de alta tensión, cuxo cruzamento e paralelismo xera un entramado de tendidos cuxas dimensións provocan impactos negativos na paisaxe.

8. A documentación elaborada pola promotora atópase incompleta e cunha metodoloxía inapropiada.

O Estudo de Impacto Ambiental debe contar con estudos específicos completos e con criterios actualmente consagrados. Os estudos de campo realizados para a análise do impacto á avifauna, morcegos, vexetación e patrimonio cultural están incompletos. Ben polas desacertadas metodoloxías, ou a deficiencias no esforzo de traballo de campo. Así, non se avaliaron tódalas posibles afeccións do proxecto sobre a flora, a fauna, o patrimonio cultural ou os danos causados ás persoas.

En virtude de todo o exposto,

SOLICITO: A non construción da liña eléctrica de alta tensión de evacuación do PE Legre en base ao rexeitamento do estudo de impacto ambiental, das solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e de declaración de utilidade pública das instalacións da LAT 132 kV Evacuación do Parque Eólico Legre, situada nos concellos de Oza-Cesuras e Mesía, na provincia de A Coruña (expediente IN408A 2020/143)

En _____, a _____ de maio do 2024.

Asdo. _____